

Pero despois os outros, había xueghos... dos casados. Había dos casados. Poñíase cada mozo coa súa moza. E un demo dun mozo vestía, no medio da corte, con un mantón cuberto, chamábanlle A Vella. E claro, se cadra eu estaba neste lado e andaba un preghuntando:

“E usted está casadiño?”

Preghuntábanlle ás mulleres primeiro, ós homes (rectifica).

“Estou si señor”

“E contentiño?”

“Moito mellor”

“Pois agora veu unha orden do Santo Paparallo de Roma
que bote os seus olliños fóra e que escolla.”

Escoller noutro. Eu, se cadra, xa estaba contenta co que tiña ao pé de min porque xa se achegaba sempre (risa) dos que me ghustaban mellor. Pero tiña que escoller-e. Era a i-orden e tiña que facelo. E escollía, iba chamar: “Fulano, fulano de tal”. Viña outro correndo a cara min e outra chamaba ó que tiña eu. Hasta que acababan cos mozos. Pero despois era cando lle preghuntaban ás mozas, Cristo!. Cheghaba... que estaba o demo da Vella no medio da corte e dáballe unha ghleadura á moza que non lle facía mal ningún, oh. Pero andaba se cadra unha mighiña a voltas con ela, tirabaa dunha reviravolta. Así, boh. Non lle facía mal ningún, oh. Pero ninguén quería.

- Eso é a moza que quedaba sin casar, ou? Como era?

A moza, por exemplo, preghuntábanlle e chamábaa un mozo. Que lle preghuntaba a el se tiña muller ou non. Entonces mandábano escoller-e, mandaban escoller ás mozas en primeiro. E entences o mozo escollía: “Fulana”. E tiñas que ir pola corte adiante atravesando se cadra ao outro lado da corte, e tiñas que pasar por onda a Vella.

- E a Vella era a que lle daba a ghleadura á moza.

Ah, eso así. E listo. Decíalle eu ao que me chamaba, chiscáballe o ollo e decíalle que me viñese buscar ao medio da corte. Decía: “Oes, como non me veñas buscar ao medio da corte, pobre de ti.” E el xa viña de boa gana, tocábame se cadra chamábame un así no cabo da corte -eu tiña que pasar por onda a vella coma as outras, que remedio- Viña correndo (...) e abrazábame e escapaba comigho. Pero alghún burro non salía, e entences (?) ao outro. Así hasta que acababamos. Así deses xueghos... peor que no cine aghora, eh. Era máis aleggre que no cine.